



**Regulamento interno
do Comité de Ética de Experimentación Animal da Universidade da Coruña
(CEEA-UDC)**

Código Seguro De Verificación	hHU5DfYgBXzPQt9TJBE70A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	María del Carmen Arufe Gonda	Asinado	18/09/2025 21:40:02	
	Jennifer Adriana Fernández Rodríguez	Asinado	18/09/2025 09:22:30	
Observacións		Páxina	1/8	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hHU5DfYgBXzPQt9TJBE70A%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

Índice

Preámbulo

Procedemento 1.º Obxectivo do regulamento

Procedemento 2.º Ámbito de aplicación

Procedemento 3.º Composición, nomeamento cesamento e renovación do CEEA-UDC

Procedemento 4.º Funcións principais

Procedemento 5.º Funcións e obrigas dos membros do CEEA-UDC

Procedemento 6.º Funcionamento interno do CEEA-UDC

Código Seguro De Verificación	hHU5DfYgBXzPQt9TJBE70A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María del Carmen Arufe Gonda	Asinado	18/09/2025 21:40:02
	Jennifer Adriana Fernández Rodríguez	Asinado	18/09/2025 09:22:30
Observacións		Páxina	2/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hHU5DfYgBXzPQt9TJBE70A%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Preámbulo

En moitas ocasións, o emprego de animais de experimentación é inevitable cando o obxectivo é desenvolver investigacións científicas nos ámbitos da biomedicina e a docencia en ciencias da saúde. Neles, calquera actividade que comporte o devandito uso deberá realizarse de forma minuciosa, aténdose en todo momento aos principios éticos e as directrices establecidos para iso nas directivas europeas de referencia vixentes (nomeadamente a Directiva 2010/63/CE) e no Real decreto 53/2013, do 1 de febreiro, polo que se establecen as normas básicas aplicables para a protección dos animais utilizados en experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia, cuxa pedra angular son a protección, a observación, o control, o benestar, o mantemento e o coidado dos animais.

Na Universidade da Coruña (en diante, UDC), o Comité Ético de Experimentación Animal (en diante, CEEA-UDC) nace ao se crear e poñer en marcha a primeira infraestrutura de experimentación animal. A partir deste intre, xorde a necesidade de dispoñer dun órgano que se encargue de darlle cumprimento ao mencionado Real decreto 53/2013, que recolle no capítulo VI, artigos 37 a 39, a creación, as funcións e a composición deste tipo de órganos, e máis concretamente indica o seguinte no artigo 37:

1. Cada criador/a, subministrador/a e usuario/a establecerá un órgano encargado do benestar dos animais (en diante, OEBA). No caso dos/as usuarios/as, este órgano denominarase comité de ética de experimentación animal (CEEAA).
2. O OEBA dotarase dun regulamento interno que defina e desenvolva a súa composición e o seu funcionamento básico segundo criterios de confidencialidade e representatividade, que garanta a imparcialidade nas decisións que tome. Quedarán eximidos deste requisito os OEBA unipersoais.

O CEEA-UDC atópase integrado na Vicerreitoría de Investigación e Transferencia (en diante, VIT) da UDC. Trátase dun órgano interdisciplinar, independente e de carácter consultivo cuxo propósito fundamental é avaliar e fomentar unha cultura de uso responsable e ético dos animais de experimentación por parte do persoal investigador, docentes e estudantes, ademais de garantir o uso ético e o benestar necesario destes animais ante a sociedade e as administracións. Para iso, o CEEA-UDC estará dotado dun regulamento interno que defina o seu funcionamento básico, a seguir criterios de confidencialidade e garantir a imparcialidade das súas decisións.

O CEEA-UDC, na súa sesión ordinaria do 15/02/2024 e ao abeiro do disposto nos artigos 37, 38, 39 e 43 do Real decreto 53/2013, acordou por unanimidade aprobar o seu Regulamento interno, composto polos seguintes procedementos:

Procedemento 1.º Obxectivo do regulamento

O obxectivo deste documento é especificar a composición do CEEA-UDC, así como as funcións que levará a cabo. Está baseado no Real decreto 53/2013. No futuro, o Regulamento interno do CEEA-UDC irase adaptando á lexislación que en cada momento se atope en vigor no relativo ao benestar animal.

Procedemento 2.º Ámbito de aplicación

Este regulamento aplicarase á organización e o funcionamento do CEEA-UDC.

Procedemento 3.º Composición, nomeamento, cesamento e renovación do CEEA-UDC

A composición do CEEA-UDC rexerase polo disposto a continuación:

1. O CEEA-UDC estará formado por un equipo multidisciplinar que nomeará o/a reitor/a da UDC, na composición do cal se respectará o número mínimo de persoas que determina o Real decreto 53/2013 no artigo 39:

Código Seguro De Verificación	hHU5DfYgBXzPQt9TJBE70A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María del Carmen Arufe Gonda	Asinado	18/09/2025 21:40:02
	Jennifer Adriana Fernández Rodríguez	Asinado	18/09/2025 09:22:30
Observacións		Páxina	3/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hHU5DfYgBXzPQt9TJBE70A%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



1. O OEBA debe estar integrado por persoas coa experiencia e cos coñecementos necesarios para velar polo benestar e polo coidado dos animais. Estará formado, como mínimo, polos seguintes membros:
 - a) No caso dos criadores e subministradores, o OEBA estará formado como mínimo pola persoa ou polas persoas responsables do benestar e coidado dos animais.
 - b) No caso dos usuarios, o comité ético de experimentación animal estará formado como mínimo pola persoa ou polas persoas responsables do benestar e coidado dos animais e por un investigador ou outro membro científico.
 - c) No caso de que o comité ético de experimentación animal actúe como órgano habilitado para realizar a avaliación ou a avaliación retrospectiva dos proxectos, a súa composición incluírá ademais investigadores ou outros membros científicos que non estean directamente relacionados no proxecto e unha persoa con experiencia e coñecementos en benestar dos animais que non teña relación directa co usuario nin co proxecto.

Considerando o número mínimo de membros que marca a lexislación, neste regulamento establécese que o número máximo de membros do CEEA-UDC non será superior a nove, dos cales, de ser o caso, sete serán vogais. Así poderá asegurarse a independencia das decisións este comité tome, ademais da súa competencia e experiencia en relación cos aspectos metodolóxicos, éticos e legais do emprego de animais na docencia e a investigación.

2. O/A reitor/a escollerá e nomeará os membros do CEEA-UDC tendo en conta a súa cualificación profesional para o desenvolvemento das funcións que lles serán atribuídas. A pertenza a este comité será en todo momento voluntaria, persoal, intransferible e indelegable.
3. O CEEA-UDC, na data de constitución do 15/02/2024, estará composto por seis persoas coa experiencia e os coñecementos necesarios para velar polo benestar e a saúde dos animais, as instalacións e os procedementos de experimentación, para o que incluírá: un membro coas funcións de asesor e supervisor do benestar animal, un/unha veterinario/a designado/a e catro investigadores/as; isto, ademais doutros membros científicos de diferentes disciplinas. Se fose necesario, poderíase aumentar o número de membros ata o máximo referido anteriormente.
4. Cando o coiden oportuno, os membros do CEEA-UDC solicitarán o asesoramento de persoas expertas alleas a este comité, que respectarán tamén o principio de confidencialidade.
5. Na designación das persoas que formen parte do CEEA-UDC tentarase atender, na medida do posible, o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.
6. Os criterios de inclusión e/ou exclusión de membros serán os que seguen:
 - a) Atoparse en posesión de polo menos unha función acreditada de experimentación animal (**a, b, c, d, e** e/ou **f**).
 - b) Dispoñer de experiencia no ámbito da experimentación animal en investigación nos últimos 10 anos (escribindo ou participando en proxectos).
 - c) Ter experiencia previa noutros CEEA e/ou organismos similares.
 - d) Superar ou non a avaliación segundo os criterios de inclusión/exclusión do CEEA-UDC.
 - e) Non xustificar as ausencias á xuntanzas.
 - f) Non cumprir reiteradamente coas súas obrigas como membro do CEEA-UDC en tempo e forma.
7. O cesamento das persoas que forman parte do CEEA-UDC producirase por calquera destas causas:
 - a) Renuncia, con efectos no momento da súa notificación á secretaría deste comité, que lles dará conta á presidencia e á VIT.
 - b) Revogación da designación por acordo maioritario do CEEA-UDC, no suposto de incumprimento grave das súas obrigas ou incompatibilidade sobrevida.

Código Seguro De Verificación	hHU5DfYgBXzPQt9TJBE70A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	María del Carmen Arufe Gonda	Asinado	18/09/2025 21:40:02	
	Jennifer Adriana Fernández Rodríguez	Asinado	18/09/2025 09:22:30	
Observacións		Páxina	4/8	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hHU5DfYgBXzPQt9TJBE70A%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

- c) Cesamento da vinculación coa UDC.
 - d) Incapacidade permanente.
8. As e os compoñentes do CEEA-UDC serano por un período de catro anos que se poderá renovar unha única vez. En calquera caso, cada catro anos deberá entrar a formar parte do CEEA-UDC, cando menos, un novo membro.

Procedemento 4.º Funcións principais

As funcións do CEEA-UDC, atendendo ás especificacións do Real decreto 53/2013, son estas:

1. Asesorar o persoal que se ocupe dos animais sobre cuestións relacionadas co seu benestar canto á súa adquisición, o seu aloxamento, o seu coidado e a súa utilización.
2. Orientar o persoal sobre a aplicación do requisito de substitución, redución e refinamento, así como mantelo informado sobre os avances técnicos e científicos na aplicación deste requisito.
3. Valorar o posible destino dos animais que non sexan sacrificados.
4. Avaliar os métodos de sacrificio con vistas ao uso daqueles máis adecuados.
5. Estudar a indicación, cando sexa necesario, de analxésicos, anestésicos e outras substancias apropiadas para eliminar ao máximo a dor, o sufrimento e a angustia, de maneira que os animais non sufran innecesariamente.
6. Establecer e revisar os procesos operativos internos con respecto ao control, a comunicación e o seguimento da información relacionada co benestar dos animais.
7. Asesorar sobre réximes de realoxamento, incluída a socialización adecuada dos animais que vaian ser obxecto de acollemento.
8. Velar polo cumprimento das normas legais e éticas vixentes nas dependencias onde se manteñan os animais.
9. Avaliar e informar da idoneidade dos proxectos e procedementos de experimentación.

Nesta avaliación teranse en conta os obxectivos do estudo; a posibilidade de obter conclusións válidas co menor número de animais; a consideración de métodos alternativos ao emprego de animais; a idoneidade das especies elixidas; e o nivel de afectación dos animais, co fin de que non sexa desproporcionada respecto aos beneficios potenciais da investigación.

Elaborarase o informe a que se alude no artigo 33.1 do Real decreto 53/2013. O seguimento dos proxectos farase a examinar o seu efecto sobre os animais utilizados, así como para determinar e avaliar os elementos que mellor contribúen á substitución, a redución e o refinamento.

10. Avaliar e informar da idoneidade, a formación e a acreditación de todas as persoas participantes no procedemento.

Procedemento 5.º Funcións e obrigas dos membros do CEEA-UDC

Da composición do CEEA-UDC nomearanse os seguintes cargos, coas funcións específicas, como mínimo, referidas a continuación:

1. **Presidente/a**
 - a) Representar o CEEA-UDC en todos aqueles actos que pola súa natureza ou significado o requiran.
 - b) Convocar e presidir as reunións ordinarias e extraordinarias, cuxa orde do día fixará de acordo co/coa secretario/a tendo en conta as peticións do resto dos membros deste comité, sempre que sexan formuladas coa suficiente antelación. Así mesmo, abrir, dirixir, suspender e levantar as sesións.

Código Seguro De Verificación	hHU5DfYgBXzPQt9TJBE70A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María del Carmen Arufe Gonda	Asinado	18/09/2025 21:40:02
	Jennifer Adriana Fernández Rodríguez	Asinado	18/09/2025 09:22:30
Observacións		Páxina	5/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hHU5DfYgBXzPQt9TJBE70A%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- c) Certificar as convocatorias das reunións.
- d) Asinar as actas das xuntanzas despois da súa aprobación, ademais dos acordos e informes do CEEA-UDC.
- e) Asinar os documentos de autorización dos procedementos, os certificados, os informes e todas aquelas comunicacións que se dirixan a terceiras partes.
- f) Resolver empates co seu voto de calidade, para os efectos de adoptar acordos.
- g) Velar pola consecución dos obxectivos asignados ao CEEA-UDC.
- h) Ditar as disposicións oportunas para o cumprimento dos acordos do CEEA-UDC.
- i) Recibir e dar conta de todas as solicitudes e comunicacións que se remitan ao CEEA-UDC.
- j) Propoñer tanto ao organismo competente como á VIT as substitucións que deban producirse pola baixa dalgún dos seus membros.
- k) Asegurar o cumprimento das leis.
- l) Calquera outra función que sexa propia da súa condición de presidente/a do CEEA-UDC.

De xulgalo necesario, este comité poderá nomear un/unha vicepresidente/a que se encargará de levar a cabo aquelas funcións que lle confira ou delegue o/a presidente/a, e que asumirá as deste/a en caso de ausencia.

2. Secretario/a

- a) Efectuar a convocatoria das sesións e as citacións correspondentes de acordo coas instrucións do/a presidente/a e coa anticipación debida.
- b) Facer públicas as datas das reunións ordinarias e extraordinarias do CEEA-UDC.
- c) Redactar as actas das reunións do CEEA-UDC, co visto e prace de todos os membros que asistan. Coidará de que se copien, unha vez aprobadas, no arquivo correspondente e asinaraas xunto co/coa presidente/a.
- d) Realizar todas as comunicacións que sexan necesarias, de conformidade coa normativa vixente e en cumprimento deste regulamento.
- e) Recibir e dar conta de todas as solicitudes e comunicacións que se remitan ao CEEA-UDC.
- f) Expedir, co visto e prace do/a presidente/a as certificacións dos ditames, os documentos de autorización dos procedementos, os certificados, os informes, as comunicacións e as resolucións que se acorden.
- g) Enviarlle á autoridade competente os procedementos aprobados previamente polo CEEA-UDC, co informe correspondente.
- h) Rexistrar os procedementos e controlar o seu progreso.
- i) Desempeñar todas aquelas funcións que lle confira o/a presidente/a. Asumirá as deste/a en caso de ausencia, de non se nomear un/unha vicepresidente/a.
- j) Calquera outra función que sexa propia da súa condición de secretario/a.

De xulgalo necesario, este comité poderá nomear un/unha vicesecretario/a que se encargará de levar a cabo aquelas funcións que lle confira ou delegue o/a secretario/a, e que asumirá as deste/a en caso de ausencia. Tamén asumirá as funcións do/a presidente/a se el/a e o/a secretario/a se ausentan, de considerarse oportuno e as circunstancias requiríreno.

3. Vogais

- a) Asistir ás reunións que se convoquen ou, en caso de ausencia, achegar a debida xustificación.

Código Seguro De Verificación	hHU5DfYgBXzPQt9TJBE70A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	María del Carmen Arufe Gonda	Asinado	18/09/2025 21:40:02	
	Jennifer Adriana Fernández Rodríguez	Asinado	18/09/2025 09:22:30	
Observacións		Páxina	6/8	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hHU5DfYgBXzPQt9TJBE70A%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

- b) Recibir a convocatoria das xuntanzas coa información pertinente sobre os temas que figuren na orde do día.
- c) Participar e formular os comentarios que consideren oportunos nos debates das sesións e na quenda final de intervencións.
- d) Exercer o seu dereito ao voto, do cal poderán expresar a motivación.
- e) Ter acceso a calquera información que poidan precisar para cumprir coas súas funcións de forma rigorosa.
- f) Avaliar os protocolos ou proxectos, ademais das modificacións que cumpran, e os informes asignados. Redactar un informe detallado sobre os seus ditames, axustándose ao recollido no procedemento normalizado de traballo (xestión de proxectos).
- g) Realizar todas aquelas funcións que lles sexan atribuídas polo/a presidente/a, de conformidade cos acordos do CEEA-UDC e cantas outras sexan inherentes á súa condición de vogais.

Todos os membros do CEEA-UDC, independentemente do seu cargo, están obrigados a manter a confidencialidade respecto da documentación a que teñan acceso sobre os protocolos ou proxectos de investigación e sobre as deliberacións do Comité.

Así mesmo, están obrigados a declarar os posibles conflitos de interese en relación con calquera protocolo ou proxecto de investigación, e, en consecuencia, a inhibirse da súa avaliación.

Os membros do CEEA-UDC terán total liberdade para manifestar, sempre que se atope argumentada de forma adecuada, a súa posición e a súa opinión en relación cos diferentes temas abordados neste comité, e a que estas consten na acta correspondente se así o solicitan de maneira expresa.

Procedemento 6.º Funcionamento interno do CEEA-UDC

1. O ámbito de actuación xeográfico do CEEA-UDC satisfará, principalmente, a demanda daqueles proxectos cuxo/a investigador/a principal pertenza á UDC. Excepcionalmente, poderán avaliarse proxectos con persoal investigador principal que pertenza a outros centros, universidades ou entidades privadas que teñan unha colaboración vixente coa UDC. En todo caso, será condición de preferencia ou prioridade para valorar tales proxectos que estes se desenvolvan na Unidade de Experimentación Animal (UdEA) do Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía (CICA).
2. O CEEA-UDC reunirse cunha periodicidade mensual sempre que concorran algunha destas dúas circunstancias: que se reciban solicitudes de avaliación ou que haxa temas pendentes que tratar. En calquera caso terá, polo menos, unha reunión ordinaria anual. A data en que se convoque unha xuntanza establecerase sempre aténdose a calquera destes dous criterios. A frecuencia das reunións poderá verse modificada a condición de que a súa imposibilidade estea xustificada.
3. A convocatoria das xuntanzas realizarase por correo electrónico, con polo menos unha semana de antelación, agás en caso de urxencia, en que os membros do CEEA-UDC poderán ser convocados cun mínimo de 48 h de antelación por calquera medio que permita ter constancia de que a notificación foi recibida. Na convocatoria detallaranse os asuntos para tratar na orde do día e anexarase toda aquela documentación necesaria.
4. Nas reunións, o CEEA-UDC entenderase debidamente constituído para deliberar e tomar decisións cando estean presentes polo menos a metade máis un membro dos seus integrantes. Entre eles atoparanse o/a presidente/a e/ou o/a secretario/a, ou ben o membro do CEEA-UDC en quen deleguen as súas funcións, en caso de ausencia.
5. A ausencia dos membros do CEEA-UDC nas xuntanzas seralle debidamente comunicada ao/a secretario/a, ante quen tamén deberá xustificarse cos certificados, escritos oficiais ou outro tipo de declaracións oportuno.

Código Seguro De Verificación	hHU5DfYgBXzPQt9TJBE70A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	María del Carmen Arufe Gonda	Asinado	18/09/2025 21:40:02	
	Jennifer Adriana Fernández Rodríguez	Asinado	18/09/2025 09:22:30	
Observacións		Páxina	7/8	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hHU5DfYgBXzPQt9TJBE70A%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

6. As decisións sobre proxectos ou procedementos de manipulación de animais de experimentación ou outros temas de relevancia serán tomadas de preferencia por unanimidade. De non obterse a unanimidade, o acordo poderá tomarse nunha segunda volta pola maioría simple dos votos. Se hai un empate, será o/a presidente/a quen decidirá co seu voto de calidade.
7. Calquera cambio nas bases do Regulamento interno do CEEA-UDC ou na súa composición requirirá o voto positivo da maioría absoluta deste comité.
8. As reunións terán como máximo dúas horas de duración.
9. As persoas que formen parte do CEEA-UDC comprometeranse a respectar a confidencialidade das deliberacións que se produzan no seo deste comité, así como da información que lles sexa facilitada con tal carácter ou no tocante á cal así o recomende o propio comité.
10. O/A secretario/a encargarse de redactar unha acta de cada reunión que lles será enviada por correo electrónico a todos os membros do CEEA-UDC unha semana antes da seguinte xuntanza, para que poidan revisala e, de ser o caso, remitir as súas suxestións e recomendacións nun prazo máximo de 48 h. A acta definitiva, que será aprobada na reunión vindeira, almacenarase na aplicación de xestión do CEEA para que poida ser consultada polos membros do Comité ou a VIT sempre que sexa preciso.
11. Cando se avalíen proxectos ou procedementos con animais de experimentación presentados por investigadores/as principais ou docentes, o CEEA-UDC remitiralles un informe enmarcado dentro destas categorías: Favorable; Desfavorable, require revisión; Desfavorable; Non válido. O devandito informe incluírá cando cumpra recomendacións de mellora e as correccións que se consideren oportunas.
12. Ao finalizar o ano, a secretaría do CEEA-UDC redactará un informe global de todas as reunións e actividades realizadas no seo deste comité, que lle será remitido á VIT.
13. Os membros do CEEA-UDC non recibirán ningunha retribución polo desempeño das súas funcións.
14. A pertenza ao CEEA-UDC será certificada baixo petición e constará nos rexistros da UDC e no expediente de cada un dos seus membros. Os membros deste comité poderán recibir da VIT a consideración, as facilidades ou os beneficios con que contén os doutros comités.
15. As persoas que formen parte do CEEA-UDC inhibiranse do coñecemento, a deliberación e a decisión daqueles asuntos en que a súa independencia, imparcialidade ou obxectividade de criterio puidese verse ou percibirse comprometida debido a un conflito de interese, directo ou indirecto, co estudo avaliado, e, en todo caso, cando o estableza a lexislación vixente ou o solicite este comité de maneira debidamente motivada ou fundada na concorrencia de circunstancias que o aconsellen.
16. Este comité recibirá o asesoramento do persoal veterinario designado, cuxas achegas se deberán conservar durante polo menos tres anos.
17. Cando o OEBA o xulgue oportuno, solicitará o asesoramento de persoas expertas, as cales tamén respectarán o principio de confidencialidade que rexerá o funcionamento deste comité.
18. Os órganos competentes poderán autorizar excepcionalmente que, no caso de pequenos/as criadores/as, subministradores/as e usuarios/as, as funcións establecidas no apartado 1 do artigo 38 do Real decreto 53/2013 as asuma o OEBA doutro/a criador/a, subministrador/a ou usuario/a autorizado/a.

María C. Arufe Gonda
Presidenta do CEEA-UDC

Jennifer A. Fernández Rodríguez
Secretaría do CEEA-UDC

Código Seguro De Verificación	hHU5DfYgBXzPQt9TJBE70A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María del Carmen Arufe Gonda	Asinado	18/09/2025 21:40:02
	Jennifer Adriana Fernández Rodríguez	Asinado	18/09/2025 09:22:30
Observacións		Páxina	8/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/hHU5DfYgBXzPQt9TJBE70A%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

